

## NORMATIVA SOBRE PROGRAMAS ACADÉMICOS CON PERCORRIDOS SUCEIVOS NO ÁMBITO DA ENXEÑERÍA E DA ARQUITECTURA

(Aprobada en Consello de Goberno de 30 de outubro de 2023)

### Preámbulo

O Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, na súa disposición adicional novena regula a posibilidade de que as universidades poderán ofertar como experiencia docente piloto programas académicos con percorridos sucesivos, que vinculen un título de Grao e un título de Máster Universitario orientado á especialización profesional, mantendo a súa diferenciación e independencia estrutural.

Estes programas teñen como finalidade reforzar a formación integral do estudiantado sen inducir, en ningún caso, a confusión coa posible habilitación profesional a que poidan conducir os títulos que os integren.

No apartado 3 da mesma disposición adicional indícase que as universidades poderán establecer, mediante unha normativa aprobada polos seus órganos de goberno, un procedemento para o acceso aos estudos oficiais de Máster Universitario destes programas sen ter superado o Grao vinculado.

Por outra banda, no protocolo para a avaliación de programas académicos con percorridos sucesivos no ámbito de Enxeñería e Arquitectura (PARS-EA) aprobado na reunión da Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU) de 3 de febreiro de 2022 e modificado na reunión do 6 de febreiro de 2023, precísanse as directrices que deben cumprir estes programas académicos e a normativa universitaria que os regule.

A Universidade de Vigo, no ámbito da súa autonomía, tendo en conta a súa oferta de estudos de grao e máster universitario no ámbito da enxeñería necesita a redacción e aprobación dunha normativa que estableza e desenvolva os requisitos para a creación, denominación aprobación e admisión de estudantes de un programa académico PARS-EA.

## **Artigo 1.- Principios xerais.**

1. Esta normativa ten por obxectivo regular o procedemento para a aprobación e xestión dos programas académicos con percorridos sucesivos no ámbito da enxeñería da Universidade de Vigo, de conformidade co RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
2. Un PARS vincula un título de Grao e un título de Máster Universitario orientado á especialización profesional, mantendo a súa diferenciación e independencia estrutural coa finalidade de reforzar a formación integral do estudantado.
3. O PARS non constitúe unha nova titulación, senón que proporciona itinerarios curriculares específicos que permiten cursar as dúas titulacións oficiais vencelladas preexistentes de forma parcialmente simultánea para, unha vez finalizados os estudos, obter ambos títulos.
4. Ambos títulos deben pertencer ao mesmo ámbito académico e profesional.
5. A ordenación académica proposta no PARS deberá ser informada favorablemente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), mais non precisa de verificación polo Consello de Universidades e non constituirá, en ningún caso, unha nova inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

## **Artigo 2.- Denominación dos PARS.**

1. A denominación do programa académico non poderá a inducir a confusión coa habilitación profesional á que poidan conducir os títulos que o integran.
2. O denominación do PARS deberá ser “Programa académico con percorrido sucesivo en M vía G”, onde M é a denominación específica do Máster Universitario vinculado e G a denominación específica do Grao vinculado.

## **Artigo 3.- Criterios xerais para o deseño dos PARS.**

1. O estudantado que remate o PARS obterá os dous títulos vencellados, polo que o seu deseño deberá garantir a adquisición dos resultados do proceso de formación e aprendizaxe (coñecementos ou contidos, habilidades ou destrezas e competencias), recollidos nas memorias de verificación do plan de estudos de ambas titulacións.
2. No deseño do PARS non se poderá vencellar un título de Grao con outro de Máster Universitario que requira complementos de formación para acceder desde o Grao vinculado.
3. Tendo en conta os criterios de admisión e matrícula no Máster Universitario sinalados no artigo 7, o deseño do PARS permitirá ao estudantado cursar de forma consecutiva os dous títulos vencellados, poderá permitir cursar os traballos fin de estudos (traballo fin de Grao e traballo fin de Máster) simultaneamente e poderá contemplar unha maior flexibilidade para cursar as materias de ámbolos dous planes de estudos.

4. O estudantado poderá realizar traballos integrados de fin de Grao e fin de Máster, debendo ser traballos diferenciados, pero con continuidade no proceso de elaboración.

## **Artigo 4.- Solicitude de aprobación e implantación do PARS**

1. A solicitude de aprobación e implantación do PARS deberá ser aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, previa aprobación pola Xunta de Centro responsable do Grao vencellado e pola Comisión Académica do Máster xunto co informe favorable da Comisión de Organización Académica e profesorado (COAP).
2. Para promover unha proposta de PARS, o Centro responsable presentará ante a COAP unha solicitude dentro do calendario establecido para as declaracións de interese da tramitación de verificación e modificación de títulos de Grao e Máster.
3. A solicitude incluirá a seguinte documentación:
  - a) Solicitude de aprobación e implantación do PARS que deberá constar da seguinte información:
    - i) Denominación do PARS coherente cos títulos que o integran e con seu ámbito de coñecemento de acordo co establecido no artigo 2.2.
    - ii) Código RUCT e denominación da titulación de Grao e de Máster Universitario que integrarán o PARS.
    - iii) Créditos ECTS do programa.
    - iv) Orde (es) CIN – Profesión (es) regulada (s) para as que habilita (no seu caso).
    - v) Centro responsable de cada título e data de aprobación da solicitude.
    - vi) Número de prazas ofertadas. En ningún caso, este número suporá incremento das prazas establecidas nas titulacións vencelladas.
  - b) Memoria para a presentación das propostas do PARS que incluirá a seguinte información:
    - i) Denominación do programa e identificación dos títulos vencellados e do centro responsable.
    - ii) Xustificación da viabilidade e do interese académico e social do PARS.
    - iii) Xustificación da viabilidade da proposta con respecto á capacidade docente do profesorado dos títulos vencellados. En ningún caso, o PARS poderá implicar incremento do persoal docente, nin custo económico adicional para a Universidade de Vigo.
    - iv) Enlace á normativa aprobada polos órganos de goberno da universidade sobre os PARS que inclúa a súa regulación, os criterios de acceso aos estudos de Máster Universitario vencellados a ditos programas e as condicións para a expedición dos títulos de Grao e de Máster Universitario implicados.
    - v) Procedemento e criterios de admisión para os diferentes perfís de acceso dos/as estudantes.

- vi) Identificación e xustificación das materias do grao cuxa superación pode estar pendente para matricularse no Máster Universitario que forma parte do PARS (máximo 30 ECTS), sen que poña en risco a consecución dos resultados do proceso de formación e aprendizaxe correspondentes ao Máster Universitario.
- vii) Deseño do programa que xustifique a coherencia e unidade académica do mesmo.
- viii) Mecanismos de articulación dos traballos fin de grao e fin de máster.

## **Artigo 5.- Procedemento de aprobación, avaliación e implantación do PARS.**

1. As solicitudes de aprobación e implantación dos PARS remitidas polos centros deberán ser aprobadas polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo unha vez cumpridos os requirimentos establecidos no artigo 4.1.
2. A proposta do PARS deberá ter sido informada favorablemente pola ACSUG, con anterioridade a súa implantación. Para iso, a vicerreitoría con competencias remitirá a solicitude de avaliación acompañada pola documentación requirida de acordo co procedemento establecido por dita Axencia.
3. A responsabilidade académica sobre os PARS, unha vez aprobados polo Consello de Goberno da universidade e informado favorablemente pola ACSUG, corresponderá aos centros da Universidade de Vigo responsables do Grao que integra o programa. Na solicitude de avaliación remitida á ACSUG figurará como responsable do título a/o Decana/o ou o/a Director/a do Centro do Grao correspondente.

## **Artigo 6.- Modificación e extinción dun PARS.**

1. A solicitude de modificación do PARS deberá seguir o procedemento descrito nos artigos 4 e 5 desta normativa, coa descrición das adaptacións correspondentes a dito proceso de modificación.
2. A solicitude de extinción do PARS deberá ser aprobada, nun documento único, pola Xunta de Centro responsable do Grao vinculado e pola Comisión Académica do Máster e elevada á vicerreitoría con competencias para a súa tramitación a través da COAP. No caso, de que un destes órganos non aprobe a proposta, remitirase un informe xunto coa solicitude á vicerreitoría con competencias para a súa valoración na COAP .
3. A solicitude de extinción será finalmente aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, previo informe da COAP e deberá prever medidas transitorias para garantir os dereitos académicos dos estudantes admitidos no PARS para a finalización dos seus estudos.

## **Artigo 7.- Proceso de admisión e matrícula no PARS.**

1. O estudantado pode solicitar o seu ingreso nun PARS segundo o procedemento previsto na normativa que regula a admisión e matrícula no Grao que forme parte do PARS. No marco da oferta anual de prazas de novo ingreso da Universidade de Vigo, poderase fixar unha oferta específica de prazas para os PARS.
2. Permitirase o acceso e matrícula ao Máster desde o Grao vencellado, cando a/o estudante teña materias pendentes pertencentes ás indicadas na memoria do programa, incluíndo o TFG, sempre e cando non sume no seu conxunto máis de 30 créditos ECTS, nos termos indicados na normativa de admisión e matrícula en estudos universitarios oficiais de Máster da Universidade de Vigo.
3. Cando os títulos que compoñen o PARS teñan establecido nos seus requirimentos de acceso un nivel de competencia en idiomas estranxeiros determinado a/o estudante deberá acreditar dito nivel no momento da admisión no título que o requira.
4. En ningún caso poderase obter o título de Máster Universitario se previamente non se obtivo o título universitario oficial de Graduada/o.
5. Establecese a prioridade na admisión e matrícula do estudantado que dispoña do título universitario oficial de Grao. A Comisión Académica do Máster resolverá en primeiro lugar as solicitudes de admisión ao Máster Universitario vencellado ao PARS de aquelas/es estudantes que acrediten estar en posesión do título de Grao. Posteriormente, se quedan prazas vacantes seguirase o seguinte orde de prelación para o resto das solicitudes:
  - a) Estudantes que unicamente teñan pendente a acreditación do nivel de idioma estranxeiro para a obtención do título de Grao. No caso de igualdade, terase en conta a nota media obtida na titulación.
  - b) Estudantes pendentes de superar o TFG. No caso de igualdade, terase en conta a nota media obtida no resto das materias do grao.
  - c) Estudantes que, ademais do TFG, teñan créditos pendentes. Neste caso, priorizarase a admisión dos e das estudantes que menos créditos pendentes teñan. No caso de igualdade terase en conta a nota media dos créditos superados.
6. As/os estudantes dun PARS , unha vez admitidos no Máster Universitario, deberán realizar o proceso ordinario de matrícula para as titulacións que o compoñen.
7. Establecese a prohibición de reserva de praza nos másteres implicados no PARS para aqueles estudantes que o cursen desde o Grao.
8. A/o estudante que curse un PARS poderá abandonalo en calquera momento tanto se está matriculado no Grao como no Máster Universitario. Neste caso, a/o estudante seguirá o procedemento marcado nas normativas da Universidade de Vigo.

## **Artigo 8.- Expedición de títulos.**

1. A expedición de ambos títulos estará suxeita á regulación establecida polo Real decreto 1002/2010 de 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.
2. O estudiantado dun PARS estará rexido polas mesmas normas que o resto dos/as estudantes matriculados no Grao e no Máster Universitario que o compoñen. Sen embargo, non poderán obter o título de Máster Universitario se previamente non obtiveron o título de Grao vencellado ao PARS.
3. A superación do PARS non supón a obtención dun único título conxunto para os estudos de Grao e Máster Universitario. Os estudantes poderán solicitar a expedición de cada un dos títulos independentemente.

## **Disposición adicional primeira.**

Poderán impulsarse programas académicos con percorrido sucesivo de carácter interuniversitario entre un título de Grao da Universidade de Vigo e un título de Máster de outra universidade e viceversa, debendo acompañar a proposta, para o seu trámite ante a axencia de calidade, dos acordos adoptados por cada unha das universidades, conforme aos procedementos internos establecidos na súa normativa. Neste caso deberase asinar un convenio de colaboración académica entre as universidades participantes no PARS.

## **Disposición final primeira.**

A Universidade de Vigo poderá ofertar PARS como experiencia docente piloto a partir do curso 2024/2025, sempre que se teña rematado o procedemento definido no artigo 5.

## **Disposición final segunda.**

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello de Goberno.